



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2023000005804

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 2023 / 33824 DO 6 DE SETEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2023 - ÁREA DE MÚSICA

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO

Modificar a resolución número 2023 / 33824 de data 6 de setembro de 2023, pola que se aproba a concesión definitiva das bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2023 - Área de música, no sentido de:

Onde di:

Terceiro.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeiro suplente: Teo Montero Rey

*Segunda suplente: Susana García Pico * (de 23 a 35 anos)*

Terceira suplente : Aida Saco Beiroa (menores de 23 anos)*

Cuarta suplente: Virginia Rodríguez-Tubío Rodríguez

Quinto suplente: Jorge Otero Barreiros

Sexto suplente: Daniel Garrido Casares

** Tendo en conta o empate na puntuación da segunda e terceira suplente, o tribunal acordou que no caso de renuncias, atenderase ao grupo de idade ao que corresponda a persoa titular á quen substitúa.*

Debe dicir:

Terceiro.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeiro suplente: Teo Montero Rey

*Segunda suplente: Susana García Pico * (de 23 a 35 anos)*

Segunda suplente: Aida Saco Beiroa (menores de 23 anos)*

Terceiro suplente: Mario Fernández Escolante

Cuarta suplente: Virginia Rodríguez-Tubío Rodríguez

Quinto suplente: Jorge Otero Barreiros

Sexto suplente: Daniel Garrido Casares

** Tendo en conta o empate na puntuación das segundas suplentes, o tribunal acordou que no caso de renuncias, atenderase ao grupo de idade ao que corresponda a persoa titular á quen substitúa.*

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

Por resolución da presidencia número 29038, do 21 de xullo de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2023-Área de música e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fose o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións e emendas:

*** Aida Saco Beiroa**

Con data do 27 de xullo presentou alegacións, solicitando aclaración e revisión da súa puntuación nos apartados de “Proba e entrevista” e “Interese do proxecto”.

O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Aída Saco Beiro, o cal lle foi notificado á interesada.

*** Dasha Rosinskij Prokopenko**

Con data 28 de xullo presentou alegacións solicitando aclaración e revisión da súa puntuación no apartado “Curriculum/ outros”.

O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Dasha Rosinskij Prokopenko, o cal lle foi notificado á interesada.

*** Mencía Resch Pérez**

Con data do 1 de agosto César José Resch Zafra, en representación de Mencía Resch Pérez, presenta un escrito solicitando a revisión da súa puntuación nos apartados “currículum/outros” e do “proxecto”.

O tribunal emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Mencía Resch Perez, o cal lle foi notificado á interesada.

*** Virginia Rodriguez-Tubio Rodriguez**

Con data 1 de agosto presentou alegacións solicitando aclaración e revisión da súa puntuación no apartado “Curriculum/ outros”.

O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Virginia Rodriguez-Tubio Rodriguez, o cal que lle foi notificado á interesada.

*** Mario Fernández Escolante**

Con data do 5 de agosto Alejandra Escolante Mujico, en representación de Mario Fernández Escolante presentou escrito solicitando aclaración e revisión da súa puntuación no apartado “Curriculum/outros”

O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Mario Fernández Escolante, o cal lle foi notificado ao interesado.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas contra a resolución da presidencia número 29038, do 21 de xullo de 2023 pola que se aprobou a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2023 na área de música.

Segundo.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: Ana Molina Touza

NIF: ***0261**

Expediente: 2023000021165

Obxecto da bolsa: Terceiro curso do Grado en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música. Violín, especialidade de Interpretación. Cátedra de Violín Profesor Marco Rizzi, na Escola Superior de Música Reina Sofía, en Madrid .

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Beatriz Sánchez Morales

NIF: ***3076**

Expediente: 2023000021462

Obxecto da bolsa: Máster de Interpretación Musical en Piccolo no Koninklijk Conservatorium, en Amtwerpen

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Carolina Fuentes Núñez

NIF: ***5500**

Expediente: 2023000021463

Obxecto da bolsa: Máster Music Violin, en Codarts University for the Arts, en Rotterdam.

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Celia Vallo Gil

NIF: ***2726**

Expediente: 2023000021369

Obxecto da bolsa: Máster de interpretación musical no Conservatorium Maastricht

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Mariña Palacio Fernández

NIF: ***5956**

Expediente: 2023000021218

Obxecto da bolsa: Mestrado de Interpretación Música Clásica Óboe, no Koninklijk Conservatorium Den Haag

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Marta Cabañero Filgueira

NIF: ***3570**

Expediente: 2023000021378

Obxecto da bolsa: Máster de Interpretación no Hochschule für Musik Freiburg

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Martín Vlashi Llukaçi

NIF: ***3609**

Expediente: 2023000021314

Obxecto da bolsa: Primer ano de Conservatorio Superior de Música en Dresden, Berlín ou Colonia

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Matías Munín Giadán

NIF: ***9364**

Expediente: 2023000021192

Obxecto da bolsa: Primer ano de Bachelor de Música Clásica na especialidade de Percusión no Royal Conservatoire The Hague.

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Mencía Resch Pérez

NIF: ***5358**

Expediente: 2023000018224

Obxecto da bolsa: Segundo ano no Máster de interpretación na especialidade de frauta traveseira, no Conservatorium Maastricht

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Miguel Iglesias Lista

NIF: ***5862**

Expediente: 2023000021371

Obxecto da bolsa: Cuarto de superior de piano clásico no Conservatorium van Amsterdam

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Sebastián Armas Switalski

NIF: ***1313**

Expediente: 2023000021390

Obxecto da bolsa: Cuarto ano de Grao de Interpretación na Musikene, en San Sebastián

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Sergio Manteiga García

NIF: ***6109**

Expediente: 2023000020685

Obxecto da bolsa: Primeiro Curso Bachelor de Trombón Tenor Clásico, no Conservatorium van Amsterdam

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: Sofía Soto López

NIF: ***5946**

Expediente: 2023000020436

Obxecto da bolsa: Grado en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música. Violonchelo, especialidade de Interpretación, no Conservatorio Superior de Música "Eduardo Martínez Torner", en Oviedo

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Terceiro.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeiro suplente: Teo Montero Rey

Segunda suplente: Susana García Pico * (de 23 a 35 anos)

Segunda suplente: Aida Saco Beiroa* (menores de 23 anos⁹)

Terceiro suplente: Mario Fernández Escolante

Cuarta suplente: Virginia Rodríguez-Tubío Rodríguez

Quinto suplente: Jorge Otero Barreiros

Sexto suplente: Daniel Garrido Casares

* Tendo en conta o empate na puntuación das segundas suplentes, o tribunal acordou que no caso de renuncias, atenderase ao grupo de idade ao que corresponda a persoa titular á quen substitúa.

Cuarto.- Tendo en conta que as bolsas convocadas na área de música son doce, ás que se engade unha bolsa da área de teatro e interpretación escénica por falta de solicitudes, **realizar as seguintes operacións contables**, na aplicación: 0612/3262/481

Documento contable: A/
Número do documento contable: 220230007635
Importe: 10.000,00 €
Área: BART-IN

Documento contable: RC/
Número do documento contable: 220230004174
Importe: 10.000,00 €
Área: BART-IN

Documento contable: RC
Número do documento contable: A emitir
Importe: 10.000,00 €
Área: BART-MU

Documento contable: A
Número do documento contable: A emitir
Importe: 10.000,00 €
Área: BART-MU

Quinto.- Logo de facer as operacións sinaladas, **dispor o gasto** das bolsas concedidas, por importe total de 130.000,00 €, con cargo á aplicación 0612/3262/481, de acordo co seguinte:

Documento contable: A
Número do documento contable: 220230007634
Importe: 120.000,00 €

Documento contable: A
Número do documento contable: A emitir
Importe: 10.000,00 €

Sexto.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.